



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

1.- O que é amar un país

Vai aló medio ano ben cumprido desde que en marzo a COVID-19 fracturou severamente a nosa realidade persoal, familiar e comunitaria, a nosa realidade de país, con dimensións internacionais, mundiais. A Galicia, ao conxunto de España, por razóns sabidas e non sabidas, afectounos cunha forza especial, e aínda hoxe estamos sumidos como país nun case caos dunhas consecuencias inimaxinables. A realidade ten un aquel de último, de perentorio, que nos está empuxando a suspendelo todo para atender algo no que nos xogamos o vivir e o vivir cun mínimo de dignidade. Moitas outras atencións, moitas diferenzas, moitos enfrontamentos deberían ceder ante a urxencia vital do presente. Falando desde

o rural, é coma cando te levas mal, moi mal, cun veciño, pero unha vaca –unha vaca, xa non unha persoa!– está parindo con dificultade, esqueces historias pasadas e poste a botar unha man. É este o clima que respiramos entre a nosa cidadanía, entre a nosa clase política? É este o clima que nos permitimos fomentar cando opinamos, cando mediamos de calquera maneira na vivencia e solución do problema?

No número anterior desta revista ofrecéusenos un precioso texto do Papa Francisco, «Un plan para resucitar», co que coma crentes contribuír á tarefa de recuperar vida no medio da pandemia. Está aí coa súa forte matriz relixiosa, como axuda á nosa implicación. Pero hoxe queremos completalo coa referencia a outro

texto proveniente tamén dunha significada personalidade relixiosa, o cardeal portugués José Tolentino Mendonça, arquivista do Arquivo Apostólico e Bibliotecario da Biblioteca Apostólica do Vaticano, teólogo, unha das voces máis orixinais da literatura portuguesa contemporánea, e recoñecido como eminente intelectual católico, cunha sensibilidade poética excepcional. Como presidente da comisión organizadora da Conmemoración do Día de Portugal, de Camões e das Comunidades portuguesas 2020, o 10 de xuño pasado pronunciou un discurso impresionante polas súas raiceiras culturais, pola súa fermosura literaria, pola palabra clara e directa, pola forza de moitas das súas frases, polo seu saber achegarnos a esas fontes comúns a crentes e non crentes que nos poden permitir afrontar o grave momento presente con garantías. Insisto, é un texto que poderíamos chamar laico, e por iso mesmo con capacidade de tocarnos a todos para esa cultura do esencial ao que nos referíamos.

Títulase «*O que é amar un país*» e desdóbrase en sete breves apartados: 1. Camões e a arte

do desconfinamento. 2. Que a crise nos encontre unidos. 3. O que é amar un país. 4. Reabilitar o pacto comunitario. 5. Fortalecer o pacto interxeracional. 6. Implementar un novo pacto ambiental. E 7. Unha viaxe que facemos xuntos. Os títulos xa salientan a orientación do escrito, pero este desborda calquera expectativa, conmove cara á conversión da actitude persoal e comunitaria ante a crúa realidade que nos envolve. Poñeríamolo como texto de longa meditación para todas as persoas, crentes e non crentes. Mandaríamolle copia a toda a clase política, a todos os axentes sociais públicos. O problema que temos enriba é certamente desbordante, pero o peor problema pode ser, estao sendo, a desatinada actitude persoal e social ante o problema.

Nun momento, nunha das escasas referencias relixiosas que fai, o cardeal di que a «*Laudato si*» do papa Francisco é «un dos textos centrais deste século XXI». Nós cremos que o discurso de José Tolentino é un dos textos humanistas centrais tamén dentro da amplísima literatura que a COVID-19 propiciou. E, para quen habitamos a

ampla, belicosa e mesmo «cainita» pel de touro, case de obrigada lectura. Obrigada lectura pola que nos sentiremos persoas moito obrigadas. <https://agencia.ecclesia.pt/portal/oque-e-amar-um-pais-cardeal-d-jose-tolentino-mendonca>

2.- Ver, oír, calar e vivir

As persoas crentes cristiás debémonos á Palabra. Á Palabra escrita, o Libro, os Libros, a Biblia. Á Palabra dita, pronunciada. E sobre todo á Palabra feita vida, vivida. En boa lóxica deberíamos ser xente de profunda e constante escoita; pero non, somos máis dados a falar que a escoitar; pensamos que, por debernos á Palabra, o noso oficio primeiro é falar. E en falar somos excesivos. Mesmo quen isto escribe pode ser unha mostra diso. Queixámonos arreo de que non se nos le, de que non se nos escoita, de que non se nos fai caso. E nós?

Como a Palabra de Deus segue viva, non para de se dicir con novidade, a vida é abundante en ecos dela, e non está limitada aos campos onde contamos coa súa presenza. Un ano máis polo 17 de agosto

celebramos a morte violenta de Alexandre Bóveda Iglesias (1903-1936), un verdadeiro leigo cristián, comprometido coa súa militancia relixiosa e civil a través da política –iso que tanto agora salientamos–, cunha clara vocación de atención a unha Galicia integrada en España, pero desde o recoñecemento da súa singularidade e desde a atención aos grupos sociais máis deprimidos, que daquela érao sobre todo o campesiñado. Foi un verdadeiro mártir da fe cristiá encarnada no seu momento histórico. A súa figura, o seu testemuño, a súa santidad laica segue sendo esquecida pola maioría crente, pola Igrexa; con algunhas excepcións, perdémolo como referente cristián, e deixamos que sexan os políticos os que absorban a súa figura. Temos un mártir a quen mirar e agradecer, en quen mirarnos, a quen incluso invocar.

Este ano celebramos a Ricardo Carvalho Calero (1910-1990) como protagonista do Día das Letras Galegas, por máis que a celebración se vise adiada pola COVID-19. Tivemos a sorte de que Xesús Portas Ferro nos achegase sabiamente

á «mística» do homenaxeado co artigo publicado nesta revista co título «*A busca do infinito na poesía de Carvalho Calero*». Chamounos moito a atención que a súa inquedaanza relixiosa, ben presentada en versos ousados, non atopase eco no contexto relixioso contemporáneo; non os coñecemos, non dialogamos con eles, non escoitamos a voz maior que a través deles nos podía chegar. Nós nas nosas lerías. Que mágoa, non?

O 11 de xuño morría de cancro en Barcelona a recoñecida actriz Rosa María Sardá, 78 anos. Cando xa tocaba a morte coa xema dos dedos, como fermosamente escribiu o noso Ramón Díaz Raña, falou nunha entrevista con Jordi Ébole, entre outras cousas queixándose de que nesta nosa sociedade bastante satisfeita (a saber o que nos agarda agora!) apréndesenos de todo, pero non a morrer, sendo como é que a morte é paso asegurado, difícil, para calquera ser que vive e ama a vida. Deume que pensar. A súa queixa e demanda non excluía o eido crente. Nas nosas celebracións relixiosas da morte axudamos a aprender a morrer?

Curiosamente só dous días antes, o 9 de xuño, morrera tamén do mesmo mal Pau Donés, líder do grupo musical «*Jarabe de Palo*», e tamén, coa morte xa ás portas, reconciliándose con ela ao seu xeito musical, compuxo e ofreceu unha cantiga preciosa, xenerosa en palabras de agradecemento, titulada «*Eso que tú me das*». Outra lección. A morte desdramatizada, adozada coa música, co agradecemento, coa amizade. Algo poderemos aprender, seguro.

Pero a de cousas que a vida nos di e nos ofrece! En tempos de COVID-19 multiplicáronse os exemplos, e pasaron aos primeiros planos voces e figuras normalmente escurcidas no balbordo reinante (leigos e leigas, monxas, curas, mesmo bispos). Como representante de todas esas persoas eu escollería a Nelly León, relixiosa do Bo Pastor, capelá dunha cárcere de mulleres en Chile, que optou por pasar en prisión coas reclusas a corentena obrigada polo coronavirus. Detrás dese xesto hai toda unha vida entregada á causa das mulleres presas: acompañamento na prisión e acompañamento tamén fóra da

prisión coa obra «*mujer, levántate*» para axudar na reinserción social. Invito a achegarse ás páxinas de internet para descubrir unha persoa e un labor impresionantes, que tanto nos poden ensinar do mundo da prisión e das mellores formas de acompañamento.

E cadra ben, logo, pechar este apartado cunhas palabras da homilía do Papa na festividade dos Santos Pedro e Paulo, 29 de xuño: «A min dóeme cando oio proclamar: ‘Queremos unha Igrexa profética.’ Ben. Que fas para que a Igrexa sexa profética? Cómpren vidas que manifesten o milagre do amor de Deus. Non o poder, senón a coherencia. Non palabras, senón a oración; non as declaracións, senón o servizo. Queres unha Igrexa profética? Comeza por servir e cala».

3.- No día mundial da misericordia

E xa que mencionamos o Papa, parémonos un pouco ante a súa mensaxe para a celebración da IV Xornada Mundial dos Pobres (toda a xente pobre, empobrecida), que se celebrará o 15 de novembro coincidindo

liturxicamente co domingo 33 do Tempo Ordinario. «Tende a túa man ao pobre» (Sir 7, 32), leva por título. Unha mensaxe sinxela, coa que intenta mobilizarnos, conmoovernos para que o amor solidario sexa a nosa resposta á situación de pobreza que de sempre abura a tantas persoas e países, pero que se fixo especialmente universal e intensa coa presenza da COVID-19.

A tradición bíblica entendeu sempre que non podemos desligar atención a Deus e atención ao próximo empobrecido. O Papa sitúase nesa traxectoria, como maneira de humanizar a vida tanto de quen tende a man coma a de quen recibe os seus coidados. «A bendición do Señor descende sobre nós e a oración acada o seu propósito cando vai acompañada do servizo aos pobres» (n. 2). Así, «o berro silencioso de tantos pobres debe atopar o pobo de Deus en primeira liña, sempre e en todas partes, para darlles voz, defendelos e solidarizarse con eles ante tanta hipocrisía e tantas promesas incumpridas, e invítalos a participar na vida da comunidade» (n. 4). «Tender a man é un sinal: un sinal

que recorda inmediatamente a proximidade, a solidariedade, o amor» (n. 6). Mans tendidas que neste tempo de coronavirus se fixeron presentes de mil maneiras. Este tempo de pandemia púxonos de fronte coa nosa inmensa fragilidade, é certo, pero tamén descubrimos que «temos madurado a esixencia dunha nova fraternidade, capaz de axuda recíproca e de estima mutua» (n. 7).

Non descoñece o Papa que, ao lado dunha enorme onda de solidariedade tamén convive unha «globalización da indiferenza», e por iso lanza esta durísima mensaxe que xa non é a primeira vez que sae da súa boca: «Tende a man ao pobre» destaca, por contraste, a actitude dos que teñen as mans nos petos e non se deixan conmo-ver pola pobreza, da que adoito son cómplices. A indiferenza e o cinismo son o seu alimento diario. Que diferenza respecto ás xenerosas mans que vimos de describir! De feito hai mans tendidas para rozar rapidamente o teclado dunha computadora e mover sumas de diñeiro dunha parte a outra do mundo, decretando a riqueza de estreitas oligarquías e a miseria de multi-

tudes ou o fracaso de nacións enteiras. Hai mans tendidas para amorear diñeiro coa venda de armas que outras mans, incluso de criaturas, usarán para sementar morte e pobreza. Hai mans tendidas que nas sombras intercambian doses de morte para enriquecerse e vivir no luxo e o desenfreo efémero. Hai mans tendidas que por debaixo intercambian favores ilegais para ganancias doadas e corruptas. E tamén hai mans tendidas que, no puritanismo hipócrita, establecen leis que eles mesmos non observan» (n. 9).

En fin, que esta crítica á pasividade dos grandes deste mundo non nos permita ignorar que á nosa maneira moito máis humilde e limitada podemos entrar tamén na roda trágica da indiferenza. Oxalá que todas, todas, ao noso nivel, cos nosos medios, convertamos en lema de vida iso de «tender as mans» ante calquera pobreza, de calquera tipo que nos suceda na vida. Oxalá!

4.- O risco severo do egoísmo

Se é certo que a pandemia nos descubriu máis fráxiles do que pensabamos e que esper-

tou en nós xestos de solidariedade inmediata, tamén o é que agora, metidos de cheo nas consecuencias empobrecedoras da COVID-19, corremos o risco de nos centrar nos nosos males e ignoremos o que pasa máis aló das nosas fronteiras. O vivir en carencias, que tanto podía servir para caer na conta da dureza da vida de quen con elas convive en todo momento, e de mil maneiras, pode facer que cada vez máis nos vexamos o embigo do mundo e ignoremos o que segue a pasar máis aló das nosas fronteiras. Se por arte do *birlobirloque* da COVID-19 entramos no club dos desamparados, bo sería que aprendésemos a facer das causas dese club a nosa propia causa, así, en común.

E o mundo segue aí, pero máis ignorado ca nunca. Quen sabe algo dos atentados de Somalia? Quen ten idea de como vai a vida en Siria ou no Iemen? Soubemos do estoupido de Libia, pero que?, a cousa quedou aí. Quen sabe como afectou a COVID-19 aos campamentos de refuxiados? Quen sabe como viviu a pandemia a poboación palestina? Quen reacciona o máis mínimo ante os abusos xudeus sobre esa poboación,

as ilegalidades continuas coas que o goberno xudeu as castiga: anexión unilateral de Cisjordania, apropiación de territorios, expulsión indiscriminada das vivendas e derrubamento das mesmas, corte de subministro de auga e luz, nomeamento de Xerusalén como capital exclusiva de Israel..., e o diario sen vivir a que están sometidos?

Pero, sen ir tan lonxe, como reaccionamos ante o trato que nós mesmos en España estamos dando aos temporeiros que traballan na recollida da froita, da vendima? Fixémonos ver cando os soubemos infectados de COVID-19 e os descubrimos coma un perigo para a nosa saúde, pero antes e despois diso quen se preocupa da súa situación laboral, das súas condicións vida? Se o 5 % deles son españois e o 95 % son estranxeiros, iso é así claramente porque fan traballos tan duros e en condicións tan inhumanas que os de aquí desistimos de asumilos, aínda que esteamos no paro. Xornadas de 16 horas a 20 euros día, ao sol, sen auga, durmindo no chan en calquera recanto que atopan, sen garantías legais nos contratos, en semiescravidade...

Todo isto, que todo o mundo sabe que é así, pero ante o que as diferentes administracións torcen a cara e a maioría dos empresarios interesados tamén –hainos que honrosamente cumpren–, todo isto denunciouno abertamente o bispo de Vitoria o 15 de agosto, como responsable da área de Emigración da Conferencia Episcopal Española. E facíao presentando a proposta dun encontro entre as diferentes Administracións, os representantes do sector agrícola interesado e os axentes de pastoral de migracións da Igrexa, Cáritas e outras fundacións humanitarias do signo que sexan, coa finalidade de buscar solucións a eses escándalos. Oxalá a cousa vaia adiante! Oxalá entendamos que estamos na mesma barca, como se está repetindo tanto, e, ou nos salvamos todos, ou non hai Deus que nos salve.

5.- De sete en sete

Pero no medio da pandemia seguen a suceder cousas significativas. A partir do agosto pasado Marianne Pohl-Henzen empezou a exercer como Vicaria Xeral da diocese suíza de

Lausana, Xenebra e Friburgo. O bispo Charles Moredot nomeouna tal para a freguesía de fala alemá da súa diocese. Realizará as funcións de Vicaria, pero sen o título de tal, por non ser sacerdote. Levaba 20 anos coordinando equipos pastorais e como formadora, e 8 anos como adxunta do anterior vicario.

Así mesmo, tamén neste verán no Vaticano seis mulleres –dúas alemás, dúas británicas e 2 españolas– foron escollidas para formar parte do equipo que supervisará a xestión económica e que vixiará as estruturas e actividades administrativas e financeiras dos Dicasterios da Curia Romana, as Institucións relacionadas coa Santa Se e o Estado da Cidade do Vaticano. As dúas españolas son Concepción Ozacar, membro fundadora e directora actualmente do grupo Azora, dedicado a xestión de fondos inmobiliarios, e Eva Castillo, licenciada por Comillas en Dereito e Economía e conselleira de diferentes entidades dese mundo.

Certamente hai vontade –nuns máis ca noutros, claro– de normalizar a presenza das

mulleres no organigrama eclesial de xestión e de decisión aos máis altos niveis.

Tamén se converteu en algo rechamante dentro dos ardores do verán a presenza en París, ás portas da nunciatura apostólica, de sete mulleres –unha delas a galega Christina Moreira Vázquez–, pertencentes ao grupo «*Toutes apôtres*»; presentábanse para ofrecerse para cumprir determinadas funcións na Igrexa, funcións para as que se sentían con chamada de Deus e con preparación axeitada. Non foron recibidas de primeiras, houberon de deixar os seus ofrecementos na caixa de correos da nunciatura, pero logo foron chamadas polo Nuncio en Francia, Celestino Migliore, para ser recibidas nun encontro persoal a partir de setembro. A ver en que dá a cousa.

O feito cruzou deseguida fronteiras. Quizais, pensará alguén, porque todo o que fale da Igrexa e a fira atopa eco inmediato. Quizais porque topamos cunha sensibilidade moderna cara ao feminino –un evidente sinal dos tempos con transcendencia teolóxica– ante o que na Igrexa nos estamos

mostrando puntillosos, lentos e dubitativos. Moi posiblemente o ofrecemento de París no mellor dos casos será agradecido e non compracido, pero na conciencia das mulleres que o promoveron e dos eclesiásticos que o recibiron seguro que será un paso adiante nun proceso de normalización que clama ao ceo.

No fondo, como pedra angular, está a cuestión do acceso das mulleres ás ordes sagradas. Coñecemos todos a posición oficial da Igrexa; para moitos, algo irreversible, case dogmático; para outros –entre eles teólogos, segres e algúns bispos–, algo que se sustenta en argumentos teolóxicos brandos, que mesmo teólogos sobranceiros coma Joseph Moingt, falecido en xullo pasado con 104 anos, titulaba de «folclóricos». Recentemente o arcebispo de Hamburgo, Stefan Hebe, pedía a Roma que se estudase a ordenación sacerdotal das mulleres, sen dar por definitiva a postura actual. O peor de todo, ao noso modo de ver, é que ao redor desta cuestión se está creando unha especie de reserva oculta, que dana as persoas e o conxunto da Igrexa. Moita xente que pensa e comparte en pequenos grupos

dunha maneira, pero que logo publicamente non ousa manifesterse tal como pensa. E isto non é bo nin para as persoas nin para a institución que representamos. É un sen vivir nunha duplicidade, que non pode dar en nada bo.

A maiores de decretos e carpetazos, igual cumpriría introducir o criterio da recepción comunitaria, eclesial; ter en conta tamén o «*sensus fidei*», o «*sensus fidelium*» do pobo humilde, ao que o mesmo Papa apela con frecuencia (cf. EG 198). E sería óptimo seguramente o recurso á sinodalidade para resolver desavinzas eclesiais. Sinodalidade que en linguaxe civil, popular, é o mesmo que dicir camiño común, sentir común, sentido común.

6.- Conversión pastoral da comunidade parroquial

«*Conversión pastoral da comunidade parroquial ao servizo da misión evanxelizadora da Igrexa*», ese é o título completo da instrución publicada pola Congregación para o Clero o día 20 de xullo pasado. Consta dunha breve introdución (nn. 1-2), de 11 capítulos moi dispa-

res en extensión e densidade, e dunhas conclusións (nn. 122-124). Na introdución e nas conclusións sinala claramente o obxectivo da instrución: hai que levar a cabo unha conversión pastoral de acordo co momento cultural novo, algo moi urxente, e para iso «presenta un modo de aplicar a normativa canónica que establece as posibilidades e límites, dereitos e deberes de pastores e leigos, para que a parroquia se redescubra a si mesma...» (n. 123). A instrución cita ao Papa en palabras do 2013, onde afirma que cómpre buscar camiños novos, e que «tamén o Código de Dereito Canónico nos dá tantas, tantas posibilidades, tanta liberdade para buscar estas cousas» (n. 1); pero o Papa di «tamén o Código», dando a entender que non só o Código. Desde logo a postura papal ao respecto quedou perfectamente aclarada no tan citado texto da EG n. 27 onde afirmaba:

«Soño cunha opción misioneira capaz de transformalo todo, para que os costumes, os estilos, os horarios, a linguaxe e toda estrutura eclesial se converta nunha canle axeitada para a evanxelización do mundo

actual máis que para a autopreservación». «Capaz de transformalo todo». Tería que quedar excluído o C.D.C.?

En realidade, nos cinco primeiros capítulos pásase sobre as interesantes cuestións que anuncian con rapidez e sen case concrecións. No c. 7 aborda a cuestión da parroquia ao lado doutras divisións internas da diocese, e no c. 8 entra de cheo no que é o obxectivo central da instrución: «As formas ordinarias e extraordinarias de encomenda da cura pastoral da comunidade parroquial». Co C.D.C. na man repasa as funcións do párroco, que ha de ser presbítero, dos diáconos, das persoas consagradas, dos leigos. Na secuencia dos diferentes actores parroquiais séguese unha eclesioloxía xerárquica de arriba abaixo, non de pobo cristián onde xorden diferentes servizos e ministerios. Tamén se coida con moito detalle que determinadas palabras e expresións non leven á confusión e a deixar algo tocada a necesaria xerarquía de roles, e a absoluta preeminencia sacerdotal. Con este C.D.C. na man afogouse, p. e., a estupenda experiencia pastoral alternativa de Poi-

tiers promovida polo arcebispo Albert Rouet entre os anos 1994-2011.

Con todo e iso, o C.D.C. non está baleiro de posibilidades. No c. 8 (nn. 87-93) recorda o escrito a posibilidade de que un diácono, unha persoa consagrada ou un laico (entendemos que home ou muller), ou un conxunto de persoas poden asumir o coidado da comunidade parroquial, iso si, baixo a tutela dun presbítero. E no c. 9 (nn. 94-100) fálase de «encargos e ministerios parroquiais» que poden asumir diáconos, persoas consagradas e laicos (entendemos tamén que homes ou mulleres), orientados a atender diferentes áreas pastorais e mesmo diferentes actos como Liturxia da Palabra, administración do Bautismo, ou celebración do rito das exequias, coidando sempre que a imaxe e función do cura non quede empanada.

Dito con todos os respectos, coidamos que o texto, aínda que salienta posibilidades de participación que estaban agochadas no mesmo C.D.C., non parece estar á altura do momento presente. Non sabe a texto sinodal,

no que se palpe a voz das actuais experiencias pastorais máis dinámicas. É excesivamente clerical nun momento en que se están poñendo moitas alertas contra esta tendencia. Parece un texto preventivo, froito máis do medo ao que pode vir, que un texto audaz, á altura das necesidades do tempo que vivimos. Con todo e iso, sinala posibilidades quizais ignoradas, que poden abrir camiños ao servizo dunhas parroquias máis vivas. Mesmo pode ser que o pouco que abre poida exceder a capacidade de cambio de moitas das nosas comunidades parroquiais e dioceses.

7.- Bispos veñen e van

O bispo auxiliar de Santiago de Compostela durante seis anos, Jesús Fernández, foi nomeado bispo de Astorga e «tomou posesión» da súa nova diocese o 18 de xullo pasado. «Tomar posesión», así relatan sempre as crónicas referidas a estes casos, como se de exercer un dominio sobre a nova comunidade se tratase, pero tal cousa non cadra, a lo menos na persoa de Jesús Fernández, que deu mostra entre nós máis de

vontade de servizo que de ansia de poder.

E tamén na súa presentación oficial como bispo da diocese irmá, en parte tamén galega, deixou ver o sentido do seu lema episcopal «*evangelizare pauperibus*» (Evanxelizear os pobres), advertindo que «o Evanxeo non é exclusivamente un manual para alimentar e guiar a piedade individual; é tamén unha ferramenta social», e tamén, dirixíndose sobre todo aos xestores sociais: «Anunciaredes tamén o evanxeo vivindo a caridade na función pública a través dun modo xusto de gobernar, que atenda ao ben común, favorecendo unha cultura do diálogo, botando a andar políticas fiscais equitativas, favorecendo unha razoable distribución dos bens, velando por un traballo decente e recoñecido, regulando os fluxos migratorios e axudando os emigrantes que non teñan suficientes recursos, axudando a discapacidade, coidando o medio ambiente.» Jesús Fernández é o bispo responsable dunha institución tan benemérita como é Cáritas Española. E nótaselle. Agradecemos a súa presenza entre nós, caracterizada polo humilde bo facer

pastoral, e augurámoslle éxitos evanxélicos no seu novo campo de servizo.

E a cousa dános para pensar no posto que quedou baleiro, e tamén, por que non, no posible relevo do actual arcebispo de Santiago, que o próximo ano cumprirá os 75 de idade, e deberá presentar a súa renuncia como tal arcebispo. Queda lonxe, moi lonxe, a práctica de que fose o pobo quen elixise o seu propio bispo; entendíase cando o pobo cristián era comunidade viva, implicada en todo o quefacer eclesial. A consulta ao pobo quedou reducida a certa indagación sobre posibles persoas aptas para o exercicio do episcopado, en ternas que logo se propoñen, seguindo os criterios de cada época histórica, de cada liña pastoral pontificia. Querendo, seguro que habería fórmulas para favorecer unha participación máis ampla da comunidade. Desde autonomías con personalidade propia, como Galicia, parécenos que un criterio importante de elección, non o único, sería que a persoa destinada a acompañar no servizo episcopal a algún sector desta comunidade, debería ser persoa galega e/ou que sintonizase cor-

dial e practicamente coa alma, coa cultura, coa lingua, coa idiosincrasia propia dese pobo, Galicia. A experiencia dinos que tristemente ser persoa galega non o garante, pero tamén nos amosa que houbo bispos, arcebispos, cardeais galegos que si avalan esta afirmación. Sen excluír que pode haber persoas foráneas integradas a fondo no noso ser propio, para desde aí animar un bo traballo de evanxelización entre nós.

8.- O adeus a Pedro Casaldáliga

O día 8 de agosto morría aos 92 anos (1928-2020) Pedro Casaldáliga, bispo emérito de São Félix do Araguaia (Mato Grosso, Brasil). Dicir Casaldáliga é dicir fe a tope, e a tope mística, compromiso eclesial-humano, e tamén poesía. Desde a Cataluña natal (Basareny, Barcelona), despois de profesar como relixioso claretiano, viviu desde o 1968 o seu ser persoa e Igrexa misioneira cunha absoluta fidelidade ao Deus que o chamara para tal misión, ao pobo pobre, empobrecido, que lle tocou como herdanza –herdanza preciosa para el–, e á Igrexa da que foi frade e bispo

desde o 1971 absolutamente fiel, absolutamente libre.

A súa figura foi moi coñecida no mundo eclesial, e mesmo no non eclesial, durante este último medio século. Encarnou un seguimento coherente e vivo de Xesús aliñándose co que poderíamos chamar teoloxía da liberación, co máis denso e puro desa maneira de entender e de vivir a práctica cristiá sobre todo naquel mundo especialmente martirizado, co martirio do pobo pobre masacrado polo poder económico, político, militar, e mesmo co martirio real, de bala e sangue; un martirio este que se multiplicou a centos, a milleiros, no Brasil e case que no conxunto da América Latina naqueles desastrosos decenios, cando as tácticas políticas estadounidenses, en concordancia coas elites económicas de cada país, fomentaban a instalación de réximes militares para calar a voz do pobo que demandaba cambios estruturais para humanizar a vida, e moita Igrexa do máis oficial calaba e concordaba con estas maneiras de tratar o pobo.

Pedro Casaldáliga –herdeiro nisto dunha rengue impresio-

nante de bispos suramericanos, algúns mártires, outros non (V. Pérez Prieto, «*Casaldáliga y la stirpe de grandes obispos latinoamericanos contemporáneos 1 y 2*», en Religiondigital.org)–, fiel ao pobo que lle fora encomendado antes de ser bispo, sendo bispo e despois de selo en activo, encarnouse cos homes e mulleres do seu pobo, rezou con elas e eles, con elas e eles fixo comunidade cristiá, diocese, loitando, organizándose, sufrindo, chorando, enfermado, morrendo e enterrándose. Con elas e eles como fonte primaria de inspiración, escribiu páxinas poéticas fermosísimas pola delicadeza literaria que amosan e pola fonda paixón amorosa, militante, que as fecunda. Nin antes da morte nin despois da mesma se arredou da xente que amou. Quixo ser enterrado na terra pola que loitou coas súas freguesías, como fonte de sustento diario, como espazo de vida digna, de convivencia pacífica e de festa, e como lugar onde poder pousar o corpo abatido polo servizo do amor. Alí, rodeado dos máis seus, descansará eternamente en paz.

Pero fariamos mal, moi mal, se esquecésemos esta teste-

muña que Deus nos ofreceu para conversión, gozo e proveito de todas e todos nós, brasileiros ou non. Na situación concreta na que vivimos, co mundo malferido por unha crise aloucada, que ameaza con cebarse coa xente máis marxinal, e cunha Igrexa na que non acabamos de atopar o noso lugar misioneiro, polo menos no desenvolvidido occidente, non podemos agochar debaixo da artesa a luz que acendeu Casaldáliga co seu pobo, coas súas comunidades cristiás. Non podemos deixar que morra a súa memoria, que se nos agochen os seus atrevementos pastorais e que se esquezan as súas conmovedoras palabras feitas tantas veces vida, verso e canción.

Pódeno esquecer as autoridades relixiosas que tantas veces se sentiron incómodas con aquel irmán de corpo enxoiado e de espírito aceso, que os deixaba ao descuberto na súa mundanidade. Pódeo esquecer, se é que chegara a coñecelo, esa Igrexa instalada na rutina, que sempre ve política onde hai amor polo pobo, como se ademais a política non fose un posible brazo do reino de Deus. E pódeo acaramelar moita xente

—e aquí tamén nos incluímos— que, comungando con el, coa súa palabra, coa súa figura, deleitándose no seu precioso poemario, acaba desleixándose na súa fonda e amorosa paixón crente, popular, para refuxiarse nos brazos da simple palabra ou do desalento e abandono.

Os seus escritos, os seus versos, cos que quixo transmitir tantas vivencias súas e do pobo que soportaba, lidos con fe e calma, como humilde palabra de Deus para o presente, permitirannos manter acesa unha lapa chamada, coma todo o que nace de Deus, a nunca máis morrer.

9.- Concretando respostas

Referímonos ao asunto dos abusos sexuais a menores ou a adultos vulnerables, que tanto se prodigaron na Igrexa e noutros ámbitos da sociedade. Parece que desde a Igrexa se lle está a dar unha resposta que quere ser eficiente; non sabemos se noutros medios se dá unha resposta semellante. O 16 de xullo, mentres celebrabamos as festas do Carme, daquela maneira, claro, en Roma a Congregación para a Doutrina de Fe publicou

un «*Vademécum sobre algunhas cuestións procesais ante os casos de abuso sexual a menores cometidos por clérigos*. «Un *Vademécum* práctico no que (como desexaba o Papa, xa en febreiro do 2019) se especifiquen os pasos a seguir pola autoridade en todos os momentos clave da aparición dun caso». Algo así coma un manual de instrucións, para que saiban a que aterse as persoas que por autoridade ou función deban axudar a resolver estas situacións. Benvido sexa todo o que evite reaccionar con excusas de calquera tipo.

Entre nós, en Galicia, creouse recentemente un servizo pastoral interdiocesano de atención a menores, persoas vulnerables e as súas familias; un órgano da provincia eclesial de Santiago de Compostela, que en cada diocese estará representado por unha persoa ao servizo desa encomenda. En Mondoñedo-Ferrol en concreto este servizo estao exercendo unha muller, María Concepción Quintela Rego. Quérese dar resposta aos desexos de favorecer medios para previr e combater os delitos de abuso sexual, e para acompañar a vítimas e vitimarios,

a cada quen no nivel que lle corresponda, cando eses delitos foran cometidos. E seguro que a cousa non quedará en simple organigrama. Podémosos chegar a este servizo a través de: www.archicompostela.es/atencionamenores.

E, sen deixar o conxunto eclesial galego, para quen ande enredado na catequese de iniciación, será moi útil o «*Protocolo para a catequese en tempo de Nova normalidade*», que acaba de publicar Catequese de Galicia. Neste protocolo preséntanse orientacións para o inicio e o desenvolvemento da catequese. Abórdanse múltiples detalles que haberá que ter en conta para garantir unha boa formación catequética nun momento que presenta importantes e minuciosas demandas sanitarias. Este é o elenco de temas que aborda: Data do inicio da catequese, Inscripción, Espazos, Tempos, Organización de grupos e seccións de catequese, Modalidades de catequese, Materiais, recursos e instrumentos para a catequese, Celebración Eucarística e outras celebracións, Os catequistas, Apelación á responsabilidade.

O que parece un problema pode facilitar ideas creativas, que mesmo lle poden dar vida a unha catequese que non acaba de coller pulos. Chámanos especialmente a atención a Catequese na casa, practicada xa antes disto en diferentes puntos de Galicia e, polo tanto, tamén o proxecto anunciado #OCatecismoQuédateNaCasa.

E con isto acabamos por hoxe. Falaremos no próximo número do Día mundial de oración e coidado da casa común. Coidémonos no corpo e no espírito. Solidaricémonos. Amémonos. Que as cousas non están para menos, nunca están para menos. Ata a próxima xeira.

Manuel Regal Ledo